

**CONCELLO
DE VIGO**



EXPOSICIÓN

"ESENCIAS DUNHA COLECCIÓN"

Selección de fondos de arte galega contemporánea
do Museo "Quiñones de León"

LUGAR: Pinacoteca Municipal "Francisco Fernández del Riego".

Planta Baixa. Galería. R/ Abeleira Menéndez, 8.

DATA DE APERTURA: 1 de marzo de 2016.

DESCRICIÓN:

O Concello de Vigo conta cunha das máis importantes coleccións de arte galega. Esta colección nace dunha constante e acertada política de adquisicións levada a cabo desde o Museo municipal "Quiñones de León".

Practicamente en menos dun século, o museo foi quen de formar paseniñamente unha colección que supera actualmente as cincocentas obras de arte, algunhas delas consideradas verdadeiros fitos da plástica galega contemporánea.

A pequena exposición presenta algunhas das súas obras e autores máis representativos e, asemade, permite facer un rápido percorrido pola arte galega durante o pasado século.

Dos exemplos máis antigos, como Avendaño, Bello Piñeiro ou Lloréns, até os últimos de finais de século como Leiro, Monroy ou Matamoro; salientan neste percorrido "express", os grandes mestres Laxeiro, Souto, Maside, Colmeiro, Seoane, Lugrís ...

**CONCELLO
DE VIGO**



OBRAS EN EXPOSICIÓN

PINTURA

Urbano Lugrís
Habitación do vello mariño
1946
óleo/táboa
98 x 98 cm

Manuel Colmeiro
Faenas no campo
1933
óleo/táboa
59 x 72 cm

Laxeiro
Nacemento
1957
óleo/lenzo
81 x 100 cm

Xosé Lodeiro
Sen título
1976
óleo con pedra mol/tea
73 x 60 cm (2 elementos)
Depósito familia Lodeiro

Juan Luis López García
Familia mariñeira
1966
óleo/lenzo
81 x 100 cm

**CONCELLO
DE VIGO**



Francisco Lloréns
Mañá de agosto nas Mariñas
1915
óleo/lenzo
136 x 187 cm

Serafín Avendaño
Paisaxe
1895
óleo/lenzo
58 x 99 cm

Carlos Maside
Parolando
ca. 1943
óleo/lenzo
63 x 80 cm

Guillermo Monroy
Testo
1982
óleo/lenzo
130 x 97 cm

Luis Seoane
Noticias dos homes
1969
óleo/lenzo
82 x 100 cm

Felipe Bello Piñeiro
O pontigo
1918-1919
óleo/lenzo
31 x 49 cm

**CONCELLO
DE VIGO**



Arturo Souto

Arlequín

1932

óleo/lenzo

120 x 91 cm

José Seijo Rubio

O cego de Santa Margarida

1928

óleo/lenzo

122 x 96 cm

Manuel Mampaso

A mesa do presidente

1970

acuarela/papel

70 x 100 cm

Din Matamoro

A paisaxe pódeme

ca. 1986

óleo/lenzo

291 x 191 cm

Anxel Huete

Boa viaxe Gunter

ca. 1980

Acrílico/papel sobre táboa

184 x 150 cm

Antonio Quesada Porto

Derradeira luz

1971

óleo/lenzo

145 x 113 cm

**CONCELLO
DE VIGO**



ESCULTURA

Cristino Mallo
Cabeza
1957
bronce fundido
44 x 18 x 25 cm

Francisco Leiro
Muller e mesa
1988
madeira/talla
175 x 180 x 54 cm

Silverio Rivas
Palisandro
1983
madeira/talla
133 x 22 x 20 cm

Camilo Nogueira
Natureza
1946
madeira/talla
145 x 60 cm

**CONCELLO
DE VIGO**



ARTISTAS EN EXPOSICIÓN

1.- Avendaño, Serafín

Vigo, Pontevedra, 1838 – Valladolid, 1916

Cabaleta en man, este paisaxista gozaba engaiolado co traballo do natural e cos motivos humildes, aos que se achega cunha mirada romántica que pronto muda por un estilo realista cheo de luz. Adiantouse ao impresionismo galego. Seu pai era pedagogo e a familia gozaba dunha boa posición social que lle permitiu coñecer mundo. De novo viviu en Madrid e logo marchou a Italia onde o seu traballo foi moi estimado. Coñeceu tamén Estados Unidos, as súas imaxes das cataratas do Niágara contribuíron á súa sona internacional. Polo seu prestixio participou como xurado en certames internacionais e mais colaborou na revista *Blanco e Negro*, unha publicación ilustrada que máis tarde se convertería no diario ABC. En Xénova, onde viviu trinta anos, coñeceu a Giuseppe Verdi porque ámbalas súas mozas eran íntimas amigas. Verdi, aínda sendo home de poucos amigos, adoitaba convidalo á súa casa, A Traviatta, onde o pintor retratou, entre outras cousas, ao seu papagaio. Entre cada viaxe, acostumaba retornar a España, onde morreu en plena guerra mundial.

Segundo Vitaliano Rocchiero, coleccionista, Avendaño chegou a gustar tanto que a principios do século XX se vendía nos mercados de arte máis prestixiosos coma o de Londres. En España chégalle un merecido recoñecemento a partires dos anos 40. Os italianos dedicáronlle numerosas exposicións póstumas.

+ info

* Caamaño, R. E. *Serafín Avendaño y la Escuela de Rivara. Tese doutoral. 1991.*

* Caamaño, R. E. *Serafín Avendaño: 1837–1916. Catálogo. Centro Cultural Caixavigo, Vigo, 1991.*



2.- Bello Piñeiro, Felipe

O Seixo, Mugar dos, A Coruña 1886 – 1952

Sempre estaba debuxando, por iso os profesores da escola de Artes e Oficios de Ferrol recomendáronlle que marchara estudar a San Fernando, e aló marcha con quince anos. Xa en Madrid, un amigo conséguelle o carné de copista no Prado. O corpus principal da súa obra está formado por óleos e debuxos, na meirande parte paisaxes que reflicten o seu estado de ánimo, nun principio morriñento e apesarado, como naquel *Soto triste*, abraiante con máis de dous metros, e despois máis optimista e colorido. Pasou de romántico a impresionista. Foi tamén muralista. Decorou os teitos dunha das salas do casino ferrolán coñecida como La Pecera, para a que o seu biógrafo, Andrés Mosquera, pide a condición de Patrimonio da Humanidade. Súa nai, dominante e sobreprotectora por demais, malogrou unha e outra vez a relación sentimental do pintor coa súa amada, Elvira, de familia humilde, pretendendo para o seu fillo unha moza de máis clase. Por iso os anos escuros chegaron pronto para Don Felipe: pasou os seus últimos trinta só coa súa nai na casa natal, a carón do mar e do alcol, illado, doente e pesaroso coma o seu *Soto triste*. Bello Piñeiro participou en moitas mostras e exposicións en Galicia dende os anos 20 ate os 50. A súa obra está principalmente ao abeiro da colección Afundación.

+ info

* Fraga, M^a. D. *Una pasión imposible. Cartas de amor de Felipe Bello Piñeiro*. Ed. Embora, Ferrol, 2004.

* Mosquera, A. *Felipe Bello Piñeiro (1886-1952)*. Ed. do Castro, A Coruña, 1989.



3.- Colmeiro, Manuel

Chapa, Silleda, 1901 – 1999

Cando tiña nove anos os seus pais marcharon coa emigración e el quedou afastado deles ata cumprir os doce. Co pasar do tempo, tamén el acabaría emigrado na Arxentina. Matriculouse alá, traballando ao mesmo tempo nunha fábrica de zapatos. Fundou un grupo de autodidactas. Retornou con vinte e cinco anos. Tivo a sorte de coñecer a Valle, a Risco e a Castelao, tamén a Laxeiro, Maside, Souto, os Novos. Coa guerra civil chegoulle de novo o exilio, esta vez ata 1950. Alá traballa co tema da saudade e da guerra e comparte experiencias con Seoane e Dieste. Dende aquela viviu entre París e San Fiz de Margaride, a aldea da súa terra, e comezou a ser recoñecido e a expoñer a nivel nacional e internacional. Muralista ademais de pintor, a súa obra vira principalmente arredor dos mercados, feiras e bodegóns: todo o popular pero visto dende a vangarda. Achegouse tamén á abstracción e ao simbolismo. Ao longo da súa traxectoria levou unha digna cantidade de premios e distincións. A súa foi toda unha vida dedicada á pintura.

Nos anos 60 a obra de Manuel Colmeiro coñeceu o seu momento de maior intensidade e chegou a galerías de Venecia, París ou Londres. Expuxo tamén en Brasil e Arxentina.

+ *info:*

* manuelcolmeiro.com

* coleccion.afundacion.org



4.- Huete, Ánxel

Ourense, 1944

Estudou en Cataluña, onde coñeceu a Tapies e Guinovart, e despois en Berlín, onde viviu o maio do 68. Un dos seus primeiros referentes declarados foi Hockney, pero pronto mudou e cinguiuse á abstracción ata o final. Hoxe considérase un “vello roqueiro”, no sentido de que alcanzou a madurez artística aí xa tempo, segundo el antes da postmodernidade: “son un pintor que aínda pinta”. Fora con Monroy a Nova York, unha viaxe que sementou o renovador grupo Atlántica dos 80. Quedou a vivir alá unha temporada. Procura evitar os lugares comúns na súa pintura, que trata de facer visible o invisible e á viceversa. Gústalle a ironía tanto como lle gusta Piero Manzoni, diso dan testemuña moitos dos seus títulos. Tanto na teoría como na praxis, para el pintar é un éxtase ao que se chega polo traballo duro e a ansia de superación. Síntese mellor nos tamaños grandes e é seareiro de movementos como o francés *Soporte-Superficie*, neorreduccionista e atento á realidade física do cadro. O lenzo que hoxe nos acompaña, *Boa viaxe Günter*, é un deica logo ao escritor Günter Grass.

Este profesor da escola de Belas Artes de Pontevedra fixo murais en moitos sitios de Galicia. A súa obra pictórica forma parte das coleccións e fundacións máis relevantes da nosa terra, e está tamén presente nalgúns museos de Arxentina.

+ info

* Cendán Caaveiro, S. "A Pintura nas décadas dos sesenta e setenta". En *Galicia Arte. Arte Contemporáneo I*, Hércules Edicións, A Coruña, 1993.

* Ánxel Huete. Entrevista en *Espacio de arte, Correo TV, Compostela*, 5.6.2008. En liña: https://www.youtube.com/watch?v=TA_5VsHeSxQ



5.- Laxeiro

Lalín, 1908 – Vigo, 1996

Naceu con outro nome, o de Xosé Otero Abeledo. Foi a súa primeira mestra, Teresa López, quen o iniciou no debuxo aos seus escasos seis anos. Máis tarde, emigrou a Cuba, onde traballou como axudante de coreografía ou proxectista de vidreiras artísticas. Á volta á súa Lalín natal fíxose barbeiro ambulante, o que lle inspirou imaxes dos tipos populares que atopaba nos seus desprazamentos. Home polivalente e renovador, viñetista, gravador, cartelista, deseñador e muralista, a súa particular forma de conxugar modernidade e tradición levouno a rexeitar o naturalismo rexionalista que mandaba na súa época. Moitos o etiquetan como expresionista emparentado co esperpento e coa obra máis negra de Goya. Tanto en Madrid como na Arxentina alternou en faladoiros na compañía de relevantes artistas e intelectuais e desenvolveu un labor fundamental na difusión da arte galega. Imaxinativo, retranqueiro, bo e comprometido coa democracia, declarou pouco antes do seu pasamento: «Estarei moi tranquilo de que a natureza me volva a absorber».

Atesourou infinidade de premios e homenaxes. En 1999 creouse en Vigo a Fundación Laxeiro para conservar e difundir o traballo deste artista. Outra parte da súa obra pódese ver na colección Afundación.

+ *info:*

* laxeiro.org

* VV. AA. *Laxeiro, Catálogo Universal*. Nova Galicia Edicións. Vigo, 2008.



6.- Leiro, Francisco

Cambados, Pontevedra, 1957

Fillo de canteiro, os comezos de Leiro foron de maneira autodidacta. Despois foi estudar a Compostela e a Madrid, pero a pesar da súa educación segue dicíndose que “ten un espírito agreste”. Durante os anos 70 formou parte do grupo Foga, o Fato Ounirista Galego, un grupo multidisciplinar saído da escola Mestre Mateo de Compostela que adoitaba facer obra conxunta e que aglutinou artistas como Lino Silva ou Manolo Paz. Tiñan por obxectivo “a difusión da arte non convencional por toda Galicia” e incluían mimo, recitais poéticos, música ou performances. Foi durante a época do Foga cando a obra de Leiro gañou esa tinteira surrealista que o puxo no candeeiro. Nos anos 80 formou parte do grupo Atlántica, cos que compartiu o gusto pola simboloxía e os mitos, e tamén polo mar, a madeira e o ferro como señas de identidade. As tallas de Leiro mostran a textura ruda duna natureza a medio domear. A longametraxe documental “Os traballos e os días de Francisco Leiro (Sísifo Confuso)” proxectouse o ano pasado no ciclo Cineuropa en Compostela. Nel reflíctese o proceso creativo do escultor, tanto ao respecto do traballo manual como dos seus presupostos teóricos e vitais. Sobre este artista dixo Txomin Badiola: “É o derradeiro supervivente dunha época heroica da escultura”.

Dende finais dos anos 80 reside en Nova York e traballa para a prestixiosa galería Malbourough. Expón regularmente en Arco, e representou a España na Bienal de Venecia de 1985. A súa obra chegou dende Cambados ata tan lonxe como Xapón.

+info

* Artium. Francisco Leiro. Catálogo en liña: <http://catalogo.artium.org/book/export/html/343>

* Achiaga, P. Francisco Leiro . Entrevista. El Cultural.es. En liña:

http://www.elcultural.es/version_papel/ARTE/9184/Francisco_Leiro

* Cañas, D. “Francisco Leiro no seu lugar”. Entrevista. Revista Galegos = Gallegos. N. 5, 2009, pp. 46-53.



7.- Lloréns, Francisco

A Coruña 1874 – Madrid 1948

Lloréns non é só considerado sen tapuxos o mellor paisaxista galego de tódolos tempos senón tamén o pioneiro do seu campo. Compaxinara os seus estudos de comercio, aos que asistía aínda sen vocación, coa Escola de Belas Artes de Madrid, onde visitou decote O Prado para copiar a grandes como Velázquez, Murillo e Rubens. En 1893 entrou no obradoiro de Sorolla. Coñeceu Europa. Obtivo o Premio de Roma. Entón, inesperadamente, sobreveulle unha crise de fe artística que case lle costa a súa carreira. Superado ese atranco, instálase na Coruña e esta convértese no leitmotiv de toda a súa produción artística. Bebeu dos convulsos momentos artísticos da xeración do 98, revulsivo que fixo que cambiara o realismo polo impresionismo e logo este polo postimpresionismo, estilo que non abandonará máis na súa vida. Francisco Lloréns é o pintor “dos prados ás rías, das costas marítimas aos interiores boscosos e das rúas e monumentos das cidades históricas ás casas tradicionais e os xardíns dos pazos das súas comarcas máis fermosas” din os da Fundación Barrié. Tralos infaustos acontecementos vividos nun Madrid cincinto durante a Guerra Civil toleou e finou só tres anos despois.

A súa pintura está presente en moitos museos, concellos e deputacións galegas. No ano 1988 Eva Lloréns, filla do artista, cedeu á Fundación Barrié de A Coruña cincuenta e nove óleos e debuxos. Oito obras deste autor están tamén no Museo do Prado.

+ info

* Luna, J. J. *Francisco Lloréns y su tiempo. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1988.*

* *Lloréns, Eva. Lloréns. Ed. Atlántico, A Coruña, 1981*



8.- Lodeiro

Vigo, 1930 – 1996

Era autodidacta pero isto non o arredaba de dicir de si mesmo que era “o mellor pintor do mundo”. Di tamén Méndez Ferrín que todo nel é “marca colectiva” referíndose a unha Galicia sen anécdotas burguesas. O seu *modus operandi* baséase na experimentación e na liberdade creativa aínda que sempre foi fiel a unha única linguaxe: a pintura. Aos seus primeiros paisaxes, bodegóns e escenas de vida campesiña engadiu o tema da gran urbe como lugar deshumanizado, un cambio de perspectiva producido polo impacto dunha estancia en México. Esta tendencia evoluciona na súa última produción, que indaga no mundo do erotismo, ás paisaxes psicodélicas e á arte pop para finalmente chegar ate a abstracción xeométrica. Estamos diante dun heteroxéneo pintor multicolor, estridente e extravagante e de estilo inconfundible.

Lodeiro foi “o azote dos críticos”. Isto ocasionou grande xenreira co gremio, que non lle prestaba o xusto recoñecemento que el pensaba que merecía. En troques, desquitouse facendo varias exposicións ao aire libre co gallo de socializar e democratizar a arte no Vigo de finais dos 60. A súa obra expúxose xunto coa do grupo Atlántica e máis noutras mostras, tanto individuais como colectivas.

+ info:

* lodeiro.org/

* Durán, X. M^a. *A obra pictórica de Xosé Lodeiro: un ensaio de aproximación pictórica*. Ed. Espiral Maior. A Coruña, 1997.



9.- López García, Juan Luís

Compostela, 1894 – Madrid, 1979

Era só “Juan Luís”, o pintor alegre e optimista que dominaba o óleo sobre tea, cartón e táboa, aínda que hai que dicir que os seus debuxos e acuarelas non quedan á zaga. Alumno de Mariano Tito, adoitaba ir copiar obras no Museo do Prado. Viaxou por Europa. En París víaselle por Montmatre e Montparnasse de folga con Maside. Logo visitou Suíza e Italia. Gañou o primeiro posto na Exposición Nacional de Belas Artes en 1943, e chegou a retratar a Afonso XIII. Non acougaba: Traballou primeiro temas da historia da literatura, como o da morte trágica de Ofelia, pero despois evolucionou cara á pintura de costumes e máis tarde foi a paisaxe unha das súas iconas favoritas. As súas obras son de factura impresionista, rigorosas no tocante ao debuxo, e abordan o folclore con moito colorido transmitindo unha visión vitalista e cálida da vida do campo e do mar. Tamén por iso é apreciado polos etnógrafos.

Este catedrático da Escola Superior de Belas Artes de Barcelona fixo exposicións por toda España e o seu legado está conservado en museos e outras institucións de Galicia, Barcelona ou no Prado de Madrid.

+ info:

- *Travieso, J. El pintor Juan Luis. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña 1994.*
- *Cerviño, M.J. El pintor Juan Luis: apuntes sobre su vida y su obra. Catálogo. Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 1985*



10.- Mallo, Cristino

Tui, 1905 – Madrid 1989

Irmán de Maruja aínda que moito máis tímido e solitario, Cristino chegou a Madrid en 1922. Sentábase no Café Xixón, ao que asistía como un cravo mañá e noite a empaparse do sabor bohemio e castizo da capital. Gustáballe visitar cemiterios para admirar as esculturas dos mausoleos, ler epitafios, ulir os cipreses e pescudar historias de defuntos. Non lle gustaban tanto os xardíns, porque, dicía, asemellábenselle a centros comerciais. A súa escultura toca temas populares, lúdicos ou tenros, tratados en principio cun realismo vangardista que combina coa realización de carteis e maquetas para amigos arquitectos. Máis tarde abandona a talla directa, incorpora outras materias

como bronce, latón, xeso, papel ou materiais de refugallo, e engade un aire de abstracción. Tiña predilección polo formato pequeno, aínda que tamén realizou escultura pública monumental. “Eu quero converterme en osíxeno ou que collan as miñas cinzas e as mesturen con aceite, a ver si se arma outra lea coa miña anilina”.

Gañou en dúas ocasións o premio nacional de escultura – a primeira vez aos vinte e oito anos– e traballou como profesor na Escola de Artes e Oficios de Salamanca. En 1983 outorgóuselle a Medalla de Ouro ás Belas Artes.

+ info

* *Alix, J. y Capa, E. Cristino Mallo (Catálogo). Ed. Concello de A Coruña / Caixanova. Coruña, 2007.*

* coleccion.afundacion.org/



11.- Mampaso, Manuel

Ferrol, 1924 – 2001 Madrid

O ascenso de Manuel Mampaso foi rápido, o seu nome despuntaba entre os da vangarda dos anos 50, e na seguinte década xa tiña conseguido un recoñecemento internacional. Mampaso, alén de pintor, foi cartelista, figurinista, decorador, muralista, coreógrafo e escenógrafo e colaborou en revistas literarias cos seus retratos de fonda penetración psicolóxica. Confeccionaba story boards, e participou na montaxe de moitas obras de teatro e películas, entre elas *Un tranvía chamado deseo*. Conta outro artista, Álvaro Delgado, que ían xuntos ao café Xixón de Madrid e sentábanse no curruncho dos artistas, que non era o mesmo có dos escritores ou os do teatro. Alí falaban de cadansúas expectativas. Despois entrou en contacto cos vangardistas de París e estivo tamén en Bos Aires, pero tivo que volver a Madrid cando o golpe de estado contra Perón. Dirixiu o Pavillón Español da Exposición Universal de Bruxelas e o de Nova York. Aínda que picou do realismo e do expresionismo, Manuel Mampaso foi un radical libre da pintura e un adiantado do arte abstracto en toda España: “El Paso veu despois que Mampaso”.

Recibiu cinco premios consecutivos do Círculo de Belas Artes de Madrid. Estivo presente en dúas Bienais de Venecia, en mostras en Alemaña e Lisboa, en Río ou en Houston. Ten obra no Reina Sofía e en 1993 a Academia de San Fernando dedicoulle unha antoloxica.

+ info

* Chávarri, R. *Mampaso*. Servicio de publicacións do Ministerio de Educación y Ciencia, Madrid, 1977.



12.- Maside, Carlos

Pontecesures, 1897 – Compostela, 1958

A familia de Maside vivira do comercio de encaixes de Camariñas e o seu pai era coñecido por patrocinar eventos culturais. Carlos, pola súa banda, naceu artista de seu. Chegou a converterse nun pioneiro renovador de linguaxes introducindo nos temas clásicos notas expresionistas, fauvistas e nalgunha ocasión cubistas. Salienta principalmente polo seu tratamento das personaxes femininas, que representan mulleres fortes e traballadoras e ao mesmo tempo dignas de admiración e amor. Coñeceu París, onde estudou e respirou os aires vangardistas que fixeron del un home quen de axuntar tradición e modernidade. A súa pintura mostra unha Galicia urbana e medradeira valéndose de formas simples e pinceladas moi empastadas, sobre todo en tons cálidos. Sempre fiel ás súas ideas de esquerdas, Maside viviu a bohemia dos anos 20 e colaborou en numerosas publicacións periódicas da época coas súas caricaturas afiadas e os seus textos fustigadores contra a ditadura. A súa rebeldía levoulle por un tempo á cadea.

Carlos Maside está presente nos museos máis importantes de Galicia. En 1970 creouse en Sada o Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside, que expón a súa obra permanentemente xunto á doutros ilustres artistas galegos.

+ info

* carlosmaside.galeon.com/

* Cunqueiro, A. e García, R. *Carlos Maside*. Ed. Galaxia, Pontevedra, 1954.

* VV. AA. “Carlos Maside”, en *Artistas Galegos. Pintores. (Vangardas históricas)*. Nova Galicia Edicións. Vigo, 2002.



13.- Matamoro, Din

Vigo, 1958

Matamoro é un tipo solitario. Di que xa de pequeno, no colexio, adoitaba sentar a carón do radiador sentíndose un marciano incomprendido. Así e todo, era soñador e perseverante: foi quen de ir ao Museo do Prado case a diario durante dous anos para prepararse para entrar a estudar a carreira de Belas Artes. Alí namorouse perdidamente dunha Venus de Tiziano. Cando rematou os estudos pensou que o mellor era “desaprender o que lle aprenderan”. Inmerso na movida madrileña, deu os primeiros pasos dende o neoexpresionismo dos oitenta, pero o seu universo cambiou logo de asistir a un obradoiro con Antonio Saura en 1987. Converteuse nun rastreador da esencia da icona, producindo unha imaxinería onírica de grande formato. Sempre pegado á súa cámara fotográfica, fixo tamén incursións no mundo cinematográfico. De aí a súa técnica da superposición de veladuras coa que consegue o efecto vibrante da luz dun proxector incidindo nun lenzo branco. Como anécdota, conta que de tanto cociñar atopou unha fonte de inspiración nos alimentos, que para el son fonte de achados como os que fan os nenos cando ven cousas nas nubes, nas manchas ou nos estampados.

Este vigués empezou a expoñer en 1984 e ten obra en museos de toda Galicia e nalgunhas coleccións en España e Roma.

+ info

* dinmatamoro.com

* *Din Matamoro. Entrevista en Espacio de Arte. Correo TV, Compostela, 1.3.2012. En liña:*

<https://www.youtube.com/watch?v=BrXnLyhqvUk>



14.- Monroy, Guillermo

Navia 1954– Vigo 1982

Guillermo Monroy estivo entre os que botaron a andar Atlántica, un grupo tan sobranceiro como desagrupado e adrede sen manifesto. Ávido de modernidade, marchara con Patiño, Huete e Menchu Lamas a Estados Unidos ver obra dos exultantes artistas do expresionismo abstracto, daquela as celebridades do momento. Así a todo, os galegos cambiaron o ton asceta daqueles polos mitos e raíces desta terra, e puxeron a pintura galega no mapa internacional. A pintura de Monroy é principalmente un estoupido de cor executado con xesto, enerxía e saber. Os seus temas principias: a paisaxe e o bodegón, aínda que foi esquematizando ate achegarse ao abstracto. Tiña teima coas imaxes de ventás, encrucillada de exteriores e interiores, viaxes de paso, limiares entre dous mundos. Víaselle de cotío polo Vigo atoleirado de finais dos 70. Devecía con todo aquilo que nacera “da non oficialidade, dos bares, dos cafés, dos núcleos de amigos que era onde xurdían as accións máis importantes e transcendentales,” como nos recorda Coté Ruíz. Guillermo Alonso Monroy morreu a destempo, aos vinte e oito anos, vítima dun malfadado accidente.

Ós 24 anos remata a carreira de Económicas e comeza a facer exposicións individuais, aínda que xa levaba catro anos participando en colectivas. Ten obras na colección da Fundación María José Jove, na de Afundación ou no Museo de Pontevedra. A Casa das Artes de Vigo celebroulle unha antoloxía en 1993.

+ info

* *Monroy. Cadernos de Arte Xoven Galego. Ed. Concello de Vigo, Vigo, 1984.*

* *VV. AA. Monroy. Catálogo. Casa das Artes, Vigo, 1993.*



15.- Nogueira Martínez, Camilo

Lavadores, Pontevedra, 1904 – 1982

Fillo de carpinteiro e neto de ebanista, empezou traballando a madeira aínda que nos anos 50 ampliou materiais para incluír bronce, pedra e barro, e acadou tamaños monumentais. Disque tiña as mans tan fortes para romper o granito como suaves para acariñar o barro. Apenas cumprida a maioría de idade recibiu o encargo de refacer o artesanado do parador de Baiona. Máis tarde chegou a contratar ata dezasete traballadores no seu obradoiro do Camiño de San Roque, pero a Guerra Civil obrigouno a despedilos e dende entón traballou só. Casou cunha moza francesa e marchou a París. Militante galeguista, os seus primeiros temas son populares, ás veces moralizantes ou con ton de denuncia. Daquela mantiña un estilo expresionista e intencionadamente primitivista, aínda que máis tarde evolucionou ata formas máis simplificadas e introduciu o tema da natureza. Sempre tivo unha certa predilección polas escenas con animais e con nenos, que recordan a querubíns e aseméllanse aos do seu amigo Laxeiro. Foi admirador da escultura exipcia antes que da grega, e un dos seus homes de referencia é sen dúbida Brancusi. Ocasionalmente sorprende con visións alegóricas como *O premio da vida*, de 1934. Por motivos evidentes, deixou sen acabar unha obra na súa vida: o panteón familiar.

Ao pasar a metade do século XX chegou a ser considerado por antonomasia “o escultor de Vigo”, onde fixo encargos para moitos edificios, xardíns e prazas.

+ info

* de San Ildefonso, B. e Martínez, F. *Camilo Nogueira: (1904–1982)*, Deputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra, 1996

* Franco, F. *Camilo Nogueira*. *Faro de Vigo*, 27.10.2013. En liña: <http://www.farodevigo.es/sociedad-cultura/2013/10/23/renian-dedicaba-tiempo-rodinmuebles/901188.html>



16.- Rivas, Silverio

Ponteareas, Pontevedra, 1942

A este escultor déronlle unha bolsa para estudar en Madrid e logo retiráronlla. Marchou a Francia ata 1973 e hoxe en día anda entre Tui e París, onde ten a súa familia. Un dos seus primeiros proxectos foi “Cerámicas articuladas”, unha serie senlleira de pezas desmontables que expuxo na galería Sargadelos. Tamén concibiu algo que chama “esculturas habitables”. Fai formas simples pero equilibradas para as que utiliza varios materiais ó mesmo tempo: madeira, granito, chumbo, resina ou gres, e é sempre fiel á abstracción. Cando traballa escultura pública é meticuloso na relación da forma co contexto circundante. Un destes exemplos é o seu *Ara solis*, que ten o grande honor de lindar coa Torre de Hércules da Coruña. Ou o seu “*Equus 70*”, 80 –curiosamente– toneladas en granito de Porriño que foron pensadas para viaxar a Alemaña. Foi parte do grupo Atlántica e presume de ter a Brancusi ou a Moore como referentes, e mais a Chillida como pai espiritual. Nos últimos anos sorprendeunos coas súas ideas para pezas en dúas dimensións. Padece xordeira polo ruído que fan as ferramentas que usa: compresores, perforadoras, radiais e martelos en obradoiros de cantería, de fundición, de ebanistería ou de calderería. Sabe que debería renunciar a facer escultura, pero como non quere, renuncia a oír.

Rivas ten obra pública en Vigo, A Coruña, Ribeira, Tui; tamén talla pequena en varias institucións e deputacións, e aparece principalmente nas coleccións do Museo Quiñones de León e na de Afundación.

+ info:

* Gamoneda, A. *Silverio Rivas. Viaje al interior de la escultura. Atlántico, A Coruña, 1981*

* *No estudio do escultor Silverio Rivas. Documental. CRTVG, 16.03.2014. En liña:*

<http://www.crtvg.es/cultural/corte-a-corte/no-estudio-do-escultor-silverio-rivas>



17.- Quesada Porto, Antonio

Ourense, 1932 – Vigo, 2015

Hai tantos Quesada artistas -máis de vinte e algún superdotado- que a familia toda chegou a ser estudada como un fenómeno de interese antropolóxico. Antonio, pola súa banda, apuntaba maneiras xa antes de cumprir a maioría de idade: “collín a miña maletiña de cartón e funme buscar a vida por aí.” Con aquela maletiña viaxou por toda Europa. Co tempo chegou a ser funcionario de Facenda. No tocante ás artes era un iniciado aínda que lle gustaba considerarse autodidacta. Do seu contacto con poetas casteláns durante unha estada en Zamora xurdiulle esa visión lírica da paisaxe, acotío en perspectiva aérea, da que fai gala. Coa alma dividida entre a pintura e a serigrafía, pouco a pouco foi virando cara a unha paisaxe abstraída e conceptual. Malia a aversión que lle tiña a facer exposicións, “unha dinámica –publicidade, relacións públicas- ... (que) despois convérteche nunha merda” , a súa obra percorreu Galicia toda, España e chegou a se ver ata en Estocolmo e Chicago.

Entre outras mencións, gañou en 1970 o premio "Quiñones de León". O seu legado atópase en coleccións privadas e públicas de Galicia, España, Portugal, Europa e América.

+info

** Corredoira, P. Antonio Quesada: tres décadas de pintura. (Catálogo) Ed. Xunta de Galicia, Compostela, 2000.*

** Pablos, F. e Ilarri, M^a. L. Catálogo da colección da arte galega do Museo Quiñones de León. Ed. Concello de Vigo, Vigo, 1995.*



18.- Seijo Rubio, José

Madrid, 1881 – Coruña, 1970

Din deste artista que pintaba a paisaxe como se pintara a pura feminidade: “nas rías sereas na baixamar, nos reflexos das súas augas represadas ... nos outeiros que as pechan cos seus perfís redondeados...” Era fillo dun militar comandante de infantaría e ós catorce anos xa destacaba como debuxante, tanto que lle encargaron decorar o famoso globo de Betanzos, “o grande coloso” de papel, no que plasmou caricaturas das personaxes populares da cidade. De aí ata o final, chegou a pintar arredor de 2.000 cadros. Instalouse na Coruña e alí deu clase durante 47 anos disque a máis de 15.000 alumnos. Os seus óleos e acuarelas, de aires postimpresionistas, xiran arredor da paisaxe e especialmente das mariñas. Pintou frescos nos muros da Embaixada española en Berlín. Foi colega dos avanzados das Irmandades da Fala, e fitos dignos de apuntar son que conseguiu para Sobrado dos Monxes a denominación de Monumento Histórico Artístico e para o Museo de Belas Artes da Coruña 40 estampas de Goya da serie “Tauromaquia”. Pero o seu meirande empeño púxoo na creación do Museo Provincial de Belas Artes da Coruña, e sempre “foi a súa maior preocupación engrandecelo e dalo a coñecer”. Cando morreu legoulle toda a obra que lle quedaba.

Foi premiado en certames salientables como a Exposición Nacional de Belas Artes e participou tamén na Exposición Internacional de Venecia en 1936. A máis de en Galicia, na Real Academia Galega por exemplo, ten obra súa o Consulado de España en Oporto ou o Centro Galego de Bos Aires.

+info

** González, J. "O pintor Seijo Rubio e Betanzos: a feminidade da paisaxe mariñá". Anuario Brigantino, nº 26. Betanzos, 2003.*



19.- Seoane, Luis

Bos Aires 1910- A Coruña 1979

Ten seis anos cando retorna cos pais da emigración dende Bos Aires á Coruña. Fíxose primeiro avogado, pero co tempo chegou a ser un verdadeiro home ilustrado como aqueles do humanismo renacentista: abraiantemente polifacético. Coñeceu intelectuais da talla de Valle ou Cunqueiro. Implicouse en política, pero coa guerra civil emigrou de novo ó seu Bos Aires natal onde alternou cos galeguistas, Castelao entre eles. Despois de vinte e sete anos volve a Galicia tan activo como marchara, e funda xunto a Díaz Pardo a que será a Cerámica de Sargadelos, o Museo Carlos Maside e Edicións do Castro. Concibe o seu estilo característico xa na beira dos corenta anos despois dunha viaxe por Europa. A partir de entón fai evolucionar as súas formas que son cada vez máis simples e esquemáticas e recordan ás dos celtas. Toca recorrentemente temas do campo e do mar, a emigración e a muller, un feminino simbólico, o da espera paciente, o do traballo duro, o da dedicación e tamén o da opresión, aínda que sempre a súa muller é moderna e cosmopolita. Eterno desarraigado, dixo de si: “Son un peregrino da Idade Media pero estou encallado no século XX.” Nunca abdicou da idea de que a arte ten que remover conciencias.

A viúva do pintor, Maruxa, conservara os que serían os fondos da Fundación Luis Seoane a mediados dos anos 90. Moitos óleos e gravados están tamén no Museo de Belas Artes da Coruña. O MOMA, o Museo de Arte Moderno de Nova York, e institucións en Bos Aires ou en Madrid teñen obra súa.

+ info

* Cuba, X. *A forma da patria*. Ed. Espiral Maior, A Coruña, 1994.

* Díaz, X. *Luis Seoane: A forxa da modernidade*. Ed. Vía Láctea, A Coruña, 1994.

* Mouriño, J. M. “Luis Seoane: Visualidade, recordo e síntese.” *Documental. Fundación Luis Seoane*. En liña: <https://vimeo.com/16991035>



20.- Souto, Arturo

Pontevedra, 1902 – México DF, 1964

O seu pai, o pintor Alfredo Souto Coiro, foi o seu primeiro mestre. De moi cedo datan as súas primeiras acuarelas, as máis novas de aires mariñeiros e rurais, máis tarde de tabernas e bordeis de ambiente lúdico, dos que xa transluce unha obsesión polo espido feminino. Emigrado en Francia, percorreu Europa e despois Cuba, onde a luz do trópico seduciuno de tal xeito que a súa obra inúndase de mulatas, rúas típicas e escenas do Entroido. Logo México. Con cada viaxe Arturo inaugura unha etapa, por iso os seus estilos son tan dispares, ás veces ao xeito francés, outras ao italiano ou ao xaponés. Souto, como Maside ou Colmeiro, viviu tempos convulsos que fortaleceron o seu compromiso cultural e social, velaí que adoptara o seu estilo renovador e a súa visión tan crítica. Coñeceu a Lorca en 1932, personaxe en quen topou alguén con quen compartir a paixón polos temas populares. Inconformista coa arte oficial da súa época e entusiasta das vangardas e os novos talentos emerxentes nacionais e internacionais, representou con igual maestría os motivos folclóricos e os mitolóxicos. Dise que a súa característica técnica “rugosa” corresponde a unha tradución da identidade da súa terra.

A súa obra figura en coleccións nacionais e internacionais, e aquí na súa terra xa lle dedicaron dúas antolóxicas.

+ info

* Valle, X.C. *Arturo Souto. Catálogo. Fundación Pedro Barrié de La Maza. Coruña, 1997.*

* *Arturo Souto: Modernismo, expresionismo y vanguardia del siglo XX. Blog Trianarts. 1.1.2016.*

En liña: <http://trianarts.com/arturo-souto-expresionismo-y-vanguardia-del-siglo-xx/>



21.- Urbano Lugrís

A Coruña, 1908 – Vigo, 1973

Lugrís era un home moi cultivado e por riba fantasioso. Foi un persoeiro emblemático non só pola súa inconfundible obra pictórica senón tamén polo seu carácter excesivo e rebuldeiro que lle levou a asinar un pacto vitalicio coa bohemia. É sabido que militaba nas tabernas máis senlleiras da Coruña e Vigo, onde adoitaba cambiar murais por cuncas de viño. A súa obra plástica vai dacabalo da quimera e máis da realidade, e está ateigada de referencias literarias, dende Verne ás lendas celtas e vikingas. Foi tamén escenógrafo e ilustrador, e escribiu poemas, contos e ensaios baixo o nome de pluma do seu alter ego, Ulyses Fingal, unha mestura de dous heroes: o grego e o gaélico. Non é ata a súa segunda época cando se mergulla no seu característico mundo do realismo máxico, o lirismo e o surrealismo, sempre en composicións teatrais e barrocas. Atendía seguido aos obxectos –como en gabinetes de curiosidades– para que foran eles os que evocaran os periplos dos homes do mar: "Esta é a casa do mariño, bitácora de soles e nostalxias. Nas súas estancias, unha luz abisal habita e estremece..." escribira o propio artista pouco tempo antes de concibir *Habitación do vello mariño*, unha tea que seica contén mensaxes ocultas. Tristemente, Urbano Lugrís, o pintor do Atlántico, o amante do mar, morreu nun aséptico cuarto de hospital, na indixencia.

O concello da Coruña dedicoulle unha antoloxía en 1989, así como o Círculo de Belas Artes de Madrid e o Auditorio de Compostela en 1997. A súa obra atópase principalmente na Colección Afundación.

+ info

* Patiño, A. *Urbano Lugrís: Viaje al corazón del océano*. Ed. do Castro, A Coruña, 2007.

* *Urbano Lugrís nos fondos da Colección Caixa Galicia*. Catálogo. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2003.